

## **Resolución do 23 de Maio de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convoca o programa Espazos de tecnoloxía aplicada para a conversión de aulas tradicionais en espazos de tecnoloxía aplicada na Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o ano 2023.**

No Plan de Modernización da Formación Profesional do *Ministerio de Educación y Formación Profesional*, propónse unha conversión da Formación Profesional a través de varios pasos, entre eles a incorporación da dixitalización, a innovación e o emprendemento no sistema de Formación Profesional. Para isto, as actuacións centraranse en varios ámbitos estratéxicos, entre os que se atopan os centros de Formación Profesional como organizadores de tecnoloxía aplicada, e as redes de centros para a innovación e a creatividade aplicada na Formación Profesional.

Nese ámbito, compróbase a necesidade de que os centros de Formación Profesional dispoñan de elementos que simulen as contornas laborais, nas que se poidan empregar metodoloxías baseadas en proxectos ou retos próximos a cada sector produtivo, incorporando recursos baseados en tecnoloxías dixitais tales como simuladores ou xemellos dixitais, ou a integración de aulas e talleres en espazos únicos que integren aprendizaxes teórico-prácticas.

A Lei orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, establece, no seu título VIII –Innovación, investigación aplicada e emprendemento–, que as administracións públicas propiciarán, no ámbito das súas competencias, a participación dos centros de Formación Profesional, xunto con outros centros e empresas ou organismos similares da súa contorna, en proxectos de innovación e investigación aplicada para a súa conversión en recursos de innovación do sector produtivo e promotores da creación de centros tecnolóxicos.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dentro do plan de mellora das competencias profesionais necesarias para a inserción laboral a través da formación innovadora, desenvolve os programas de dotación de innovación aplicada á Formación Profesional.

A actuación de Conversión de aulas en espazos de tecnoloxía aplicada enmárcase na colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o *Ministerio de Educación y Formación Profesional* dentro do *Plan de Modernización de la Formación Profesional* a través da compoñente 20 – *Plan Estratégico de Impulso de la Formación Profesional*– do *Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR)*.

Esta actuación ten asignado o campo de intervención 016 – *Desarrollo de capacidades para la especialización inteligente, la transición industrial, la iniciativa empresarial y la adaptabilidad de las empresas al cambio* – que conta cun 0% de coeficiente para o cálculo da axuda aos obxectivos climáticos, un 0% de coeficiente para o cálculo da axuda aos obxectivos ambientais e un 40% de coeficiente para o cálculo da axuda á transición dixital, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

Así mesmo, esta actuación está aliñada coa Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030, que aposta pola innovación e a dixitalización como un dos seus principais eixos, e co Plan Innova FP Galicia, aprobado polo Consello da Xunta o 23 de marzo de 2023, e que



pretende impulsar a innovación, a investigación aplicada e o emprendemento na Formación Profesional galega.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Neste contexto, o segundo reto da RIS3 consiste en desenvolver un modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento. En relación con este reto, unha prioridade é apoiar a dixitalización, na que a RIS3 impulsa o desenvolvemento de competencias e educación dixitais.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. Estes instrumentos poden dirixirse a prioridades e ámbitos de priorización concretos.. Pola súa parte, o obxectivo estratéxico 4 busca desenvolver o talento das persoas.

En consecuencia, a presente convocatoria enmárcase na RIS3 respondendo ao reto2 (Modelo industrial baseado na competitividade e o coñecemento) a través da prioridade 2 (Dixitalización), incidindo concretamente no desenvolvemento das competencias dixitais e educación dixital. Ten como obxectivo estratéxico apostar polas persoas como activo principal para abordar as prioridades de especialización de Galicia (obxectivo estratéxico 4), integrándose polo tanto no programa Persoas

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral,

RESOLVE:

### **Artigo 1. Obxecto da convocatoria**

Esta resolución ten por obxecto convocar o programa Espazos de tecnoloxía aplicada e establecer as bases de participación durante o ano 2023.

### **Artigo 2. Destinatarios**

Poderán participar nesta convocatoria os centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que durante o curso 2022/23 impartan ensinanzas de Formación Profesional.

### **Artigo 3. Definición do programa**

O programa Espazos de tecnoloxía aplicada ten como obxectivo converter aulas tradicionais en espazos de tecnoloxía aplicada para empregar no nivel educativo de Formación Profesional. Este programa vén a dar resposta á necesidade de dispor nos



centros de Formación Profesional de elementos que simulen as contornas laborais, nas que se poidan empregar metodoloxías baseadas en proxectos ou retos próximos a cada sector produtivo, incorporando recursos baseados en tecnoloxías dixitais tales como simuladores ou xemelgos dixitais, ou a integración de aulas e talleres en espazos únicos que integren aprendizaxes teórico-prácticas.

Con este programa preténdese lograr espazos dixitais para a Formación Profesional que:

1. Conten con conexión axeitada á rede e con cobertura sen fíos.
2. Se adapten ás actividades e ao numero de alumnos que nel desenvolven experiencias próximas ás que se levan a cabo no tecido produtivo.
3. Dispoñan de tecnoloxías que rachen as barreiras de acceso ao coñecemento e á información necesaria para desenvolverse no ámbito produtivo.
4. Teñan capacidade de xerar información, xestionala e usala, en condicións de seguridade e respecto ás medidas de protección dos datos.
5. Permitan combinar escenarios virtuais, presenciais e mixtos.
6. Conten con dispositivos que permitan desenvolver procesos de experimentación por parte do alumnado.
7. Xeren conciencia creativa e emprendedora, a través de modelos de gamificación e metodoloxías de construción de produtos e servizos.
8. Permitan o desenvolvemento persoal e profesional do alumnado.
9. Contribúan ao desenvolvemento de novos recursos.

#### Artigo 4. Candidaturas

1. Os centros educativos presentarán unha solicitude por cada proxecto.
2. Un/unha docente do centro solicitante asumirá as funcións de coordinador/a do proxecto, co fin de asegurar o contacto e a comunicación regular coa consellería, promover unha colaboración eficaz e facilitar a realización do traballo.

#### Artigo 5. Prazo de presentación

1. As solicitudes de participación presentaranse no prazo de vinte días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.es/fp>).
2. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Formación Profesional e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Xunto coa solicitude achegaranse tanto o Anexo I como a documentación xustificativa segundo o establecido no artigo 6. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>). Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación



ao correo electrónico [fpinnova@edu.xunta.gal](mailto:fpinnova@edu.xunta.gal) nos prazos establecidos para a presentación.

3. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicárase a listaxe de proxectos presentados a esta convocatoria na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.es/fp>). Nesa mesma listaxe requirirase aos centros cuxa solicitude presente defectos formais ou omisión dalgún documento esixido para que, nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe, emenden ou completen a documentación da súa solicitude. De non facelo, daranse por desistidos da súa solicitude.

### Artigo 6. Documentación

Para participar neste programa será necesario presentar a seguinte documentación:

1. Solicitude, segundo o modelo do Anexo I.
2. Descrición do proxecto seguindo os apartados establecidos no Anexo II. A extensión máxima será de 20 páxinas, en formato DIN A4, letra Arial tamaño 12 e entreliñado sinxelo. Os proxectos deberán estar redactados en galego.

### Artigo 7. Desenvolvemento do programa

O programa Espazos de tecnoloxía aplicada desenvolverase atendendo ás seguintes fases:

1. Presentación de solicitudes.
2. Publicación da listaxe provisional de proxectos presentados.
3. Publicación dos proxectos seleccionados nesta convocatoria.
4. Desenvolvemento dos proxectos nos centros educativos desde a data de publicación dos proxectos seleccionados.
5. Finalización dos proxectos e entrega das memorias e da documentación xustificativa, ata o 22 de decembro de 2023.

### Artigo 8. Comisión de selección

1. Unha vez pechado o prazo de admisión de solicitudes a comisión de selección avaliará os proxectos presentados segundo os criterios que figuran no artigo 9.
2. A comisión de selección estará integrada polos seguintes membros:
  - A Subdirectora Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo ou persoa en quen delegue, que actuará como presidenta.
  - Tres vogais máis con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou membro da inspección educativa.
  - Unha persoa asesora da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo que actuará como secretario/a con voz pero sen voto.



3. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos aspectos técnicos que se lle encomenden.

### Artigo 9. Criterios de valoración

Para a valoración dos proxectos teranse en conta os seguintes criterios:

1. Carácter innovador do proxecto (30 puntos).
2. Vinculación cun curso de especialización de Formación Profesional (20 puntos).
3. Utilidade nos títulos, módulos e cualificacións da familia profesional (15 puntos).
4. Adecuación dos espazos e viabilidade do proxecto (20 puntos).
5. Orzamento e prazo de execución (15 puntos).

### Artigo 10. Dotación orzamentaria

O importe total destinado para esta convocatoria será de 825.000,00 € (oitocentos vinte e cinco mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 10.07.422M.640.24 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dos orzamentos de 2023.

Esta actuación inclúese no *Plan de Modernización de la Formación Profesional* e están enmarcadas na *compoñente 20 – Plan Estratégico de Impulso de la Formación Profesional– do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia*, financiada polo *Ministerio de Educación y Formación Profesional* e pola Unión Europea - *NextGenerationEU*.

Polo tanto as publicacións impresas ou electrónicas e notificacións feitas por calquera medio conterán o logo institucional do *Ministerio de Educación y Formación Profesional*, o *logo da Unión Europea co lema Unión Europea – NextGenerationEU*, o *logo do PRTR* e unha declaración de financiación que indique “financiado polo *Ministerio de Educación y Formación Profesional* e pola *Unión Europea - NextGenerationEU*”.

Ademais, as actuacións de comunicación, convocatoria, publicidade, resolución e notificación derivadas da achega do Estado a este programa cumpriran os requisitos de publicidade, segundo os cales en todas as actuacións que se deriven dos instrumentos contractuais ou convencionais realizados con calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, inserirse a imaxe institucional, que ha de incluír sempre o Escudo de España e a denominación do Ministerio, tal como establécese no Real Decreto 1465/1999, do 17 de setembro, polo que se establecen criterios de imaxe institucional e regúlase a produción documental e o material impreso da Administración Xeral do Estado e, na Resolución do 21 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se actualiza o Manual de Imaxe Institucional, adaptándoo á nova estrutura de departamentos ministeriais da Administración Xeral do Estado.

Así mesmo, deberase incluír unha placa publicitaria que cumpra cos requisitos de publicidade citados nos parágrafos anteriores e que indique que se trata de actuacións financiadas polo *Ministerio de Educación y Formación Profesional* no marco do Plan de Modernización da FP - Conversión de aulas en espazos de tecnoloxía aplicada.

### Artigo 11. Resolución



1. A comisión de selección, unha vez valorados os proxectos presentados, realizará unha proposta de resolución desta convocatoria, que elevará Directora Xeral de Formación Profesional, quen ditará resolución.
2. A resolución de proxectos seleccionados publicárase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.es/fp>).

### Artigo 12. Pagamento

1. Os proxectos seleccionados recibirán unha achega económica de 55.000 € (cincuenta e cinco mil euros) por aula de tecnoloxía aplicada. Este importe será transferido ao centro educativo nun pago único, no período correspondente ao exercicio económico 2023.
2. Os gastos terán que imputarse na súa totalidade antes do 22 de decembro de 2023.

### Artigo 13. Desenvolvemento e xustificación

1. O desenvolvemento do proxecto deberá realizarse durante o ano 2023.
2. O centro educativo participante remitirá á Dirección Xeral de Formación Profesional (ata o 22 de decembro de 2023) a memoria final cos apartados que se indican no Anexo III.
3. A non entrega da memoria final do proxecto no prazo indicado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir.
4. As memorias enviaranse por correo electrónico ao seguinte enderezo: [fpinnova@edu.xunta.gal](mailto:fpinnova@edu.xunta.gal). Indicarase no asunto **Memoria Espazos de Tecnoloxía Aplicada 2023 – nomeCentro**.

### Artigo 14. Gastos elixibles

Considéranse elixibles os seguintes gastos:

1. Gastos directos en bens e servizos, tramitados mediante externalizacións, que poidan vincularse inequivocamente coa actuación, incluíndo obras de adaptación, conectividade e equipamento.
2. Formación metodolóxica do persoal que empregará as aulas, ata un máximo do 20% da dotación económica achegada.
3. Gastos relacionados coa información e difusión da actuación.

En canto ao equipamento co que debe contar o novo espazo creado, indícanse a continuación, a modo de exemplo, algúns elementos subvencionables:

- Elementos dixitais de presentación da información.
- Pantalla táctil.
- Proxector de alta calidade.
- Encerado colaborativo que permite ao docente escribir e compartir contidos en remoto e presencial.



- Cámaras de alta definición en *Streaming*, que garantan a cobertura do profesor en todo momento.
- Microfonía direccional e sonorización adaptada á características da aula.
- Plataformas de colaboración intercentros e entre comunidades.
- Impresoras 3D: escaneados e fabricación.
- Sistema de realidades inmersivas.
- Realidade Mixta / virtual
- Sistemas holográficos.
- Sistemas de intelixencia artificial aplicada.
- Equipos informáticos de altas prestacións adaptados especificamente ás tecnoloxías da aula (un máximo de dous por aula).

### Artigo 15. Obrigas dos centros educativos

Os centros beneficiarios comprométense a:

1. Desenvolver todas as actuacións incluídas no proxecto no prazo establecido.
2. Manter operativo o espazo, durante un período non inferior a 5 anos desde a posta en marcha formal do espazo.
3. Desenvolver e colaborar nas accións de difusión e publicación das experiencias que se organicen, así como á cesión a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos dereitos de edición e difusión, e ao cumprimento das obrigacións de publicidade, comunicación, e notificación derivadas da financiación deste programa de acordo co establecido no artigo 10 desta resolución.
4. Garantir o respecto ao principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (principio DNSH polas súas siglas en inglés, «*Do No Significant Harm*») e o etiquetado climático e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.
5. Asegurar a regularidade do gasto subxacente e a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de intereses e o dobre financiamento.
6. Cumprimentar unha declaración responsable de ausencia de conflito de intereses (DACI) en todos os procedementos de adxudicación de contratos, conforme ao modelo establecido na *Orden HFP/55/2023, de 24 de enero, relativa al análisis sistemático del riesgo de conflicto de interés en los procedimientos que ejecutan el Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia*. A DACI deberá estar asinada por todas as persoas intervinientes no procedemento de adxudicación.
7. Facilitar os datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados



instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

## Artigo 16. Certificación

A persoa coordinadora do proxecto recibirá unha certificación de actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 12 horas de formación permanente do profesorado.

## Artigo 17. Datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.
2. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

## Artigo 18. Control e loita contra a fraude

O centros beneficiarios someteranse ás actuacións de control que realice a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e de control do destino das axudas.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo





Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto na web:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Así mesmo, a Xunta de Galicia ten a disposición da cidadanía un canal de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude a través do Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI):

[https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=es\\_ES](https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=es_ES)

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo, e na *Orden HFP/1030/2021, del 29 de septiembre, por la que se configura el sistema de gestión del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia*.

No control e loita contra a fraude a Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades actuará de conformidade co establecido no seu plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude aprobado o 18 de febreiro de 2022.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

M<sup>a</sup> Eugenia Pérez Fernández

A Directora Xeral de Formación Profesional

